

►24 Mayo, 2015

Nevarada

VICENTE ARAGUAS



S


ento, de novo, diante dun libro de Agustín Fernández Paz, *A neve interminable* (Edicións Xerais, Vigo, 2015), neste caso, coa sensación gratísima de que no peor dos casos ficarei contento. Porque áinda así vou volver atopar a un autor que non fai trampas, que non apostá polo doado, que lle presta o que fai, que ama o mundo da literatura e que, vindo como ven do da docencia (que exercera durante unha chea de anos) sabe que as lecturas obligadas (ampouco para os críticos) non sirven de nada, que o seu é ler con vontade e gáñas. Esas que, de parta, eu xa vou disponendo do libro novo de Agustín Fernández Paz, sen dúbida o autor galego que máis entende hoxe. Desmentindo aquilo de que o éxito de ventas non vai en paralelo coa calidade.

Así as cousas abordo *A neve interminable*, e esquezo ecos de títulos semellantes ben alleos a este, fiándome (sinxelamente) da durabilidade, ao menos na miña memoria, do elemento branco. Tamén da capacidade narrativa, eis o vello Boccaccio exemplificándonos, dunha xente metida nun espazo pechado a contar historias.

Claro que esa mesma xente, hai novelas e mesmo funcións de teatro de Agatha Christie relativas a isto, *A ratoeira ou Dez negriños ou –mesmo– Asasinato no Orient Express*, que dan tamén moito xogo. O único que no caso de Dona Agatha os en-

...vou volver atopar a un autor que non fai trampas, que non apostá polo doado, que lle presta o que fai, que ama o mundo da literatura e que, vindo como ven da docencia sabe que as lecturas obligadas non sirven de nada..."

"Non hai de quen se contén contiños, que é o que fan os nuchiños de Fernández Paz, pechados por causa da neve nun albergue ou casiña (supónse con engado) da parte da Fonsagrada. Onde aparece unha..."



A NEVE INTERMINABLE
AGUSTÍN FERNÁNDZ PAZ

Ed. Xerais. Vigo, 2015
11,80 euros

claustros adícanse a matar os uns aos outros, e así non hai maneira. Non a hai de que se contén contiños, que é o que fan os nuchiños de Fernández Paz, pechados por causa da neve nun albergue ou casiña (supónse con engado) da parte da Fonsagrada. Onde aparece unha tropiña disposta a desenguedellar un guión televisivo sobre terrores e estas couzas (das que é amador, en plan literario, Lovecraft, Poe e tal e tumba, o escritor vilalbés). O hoteliño está rexentado por unha parella, logo veremos de que pé (ou asa) coxeán e hai outros hóspedes dos que se apuntan couzas mais sen moito percorrido. O que esta noveliña ten: ou sexa, pouco. De maneira que o cerne ou

parte central do choio ficará nas tres historias que aquí se nos contan. Tres historias que sabendo a moito saben a pouco, e é que o Agustín desta volta foi forriche ou coreño, pois que puido xogar a nos arrepiar máis. Comigo conseguiuno. Non farei de "spoiler", así que a ler o libro tocan. Eu recoméndollo vivamente se gustan do xénero de terror.

O remate, así un pouco apocalíptico ou grandilocuente non termina de prestarme. Un pouquín "déjà vu" desde unha óptica fatalista-moralista, coido. A mí, xa metidos en fariña, préstame máis as historias de terror tal cal. As que nos relatan os enclaustrados. A que non termina de nos dar a neve.